

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CURRÍCULUM DAS HOMENAXEADAS

MARÍA DEL CARMEN PEREIRAS SANTOS



Nada o 23/06/1948 en Boqueixón, está casada e é nai de 3 fillos.

Propietaria do bar Domínguez, na rúa de Sar, 102.

Carmen Pereiras Santos naceu nunha parroquia do concello de Boqueixón, no seo dunha familia humilde e é a sexta de nove irmáns, é dicir, nunha familia numerosa, onde a chamada economía de escala, tan presente na actualidade empresarial, se traducía nunha sinerxía de esforzo e traballo entre irmáns para axudar aos seus proxenitores a sacar a familia adiante.

Carmen leva máis de 43 anos dedicada á hostalería, con xornadas extensas e quendas dobres. Só pode coller vacacións por motivos de saúde, e mesmo neses transos segue a cargo do seu negocio: é a xestora de compras, a sumiller, a metre, a chef, a pinche, a gobernanta, a relacións públicas..., mais tamén é a xefa do servizo de limpeza, de pasar o ferro, lavar e coser, e aínda ten tempo para facer comida caseira, a súa especialidade, que ano tras ano e día tras día se reinventa ofrecendo os mellores manxares, os exquisitos pratos na casa de comidas. Ademais é nai e avoa protectora.

M^a CARMEN BLANCO SÁNCHEZ



Nada en Santiago de Compostela

Titulacións en Maxisterio e Enfermería.


Estudou maxisterio seguindo a tradición familiar e exerceu un ano. Traballou na zapatería da súa sogra e o seu marido, compaxinándoo cos estudos de Enfermería, profesión que tamén exerceu.

En 1976 fundou a súa primeira Zapatería Richard xunto ao seu marido na rúa da Calderería, 16. Posteriormente, xunto coa expansión do Ensanche de Santiago, abriron Richard da República de El Salvador, 22, e máis tarde Richi en Montero Ríos, 23. Cando se inaugurou Área Central, abriron tamén Richard no centro comercial. A última apertura foi a tenda Pachi, en Alfredo Brañas 18, especializada en nenos.

Como boa empresa familiar, manteñen a súa primeira tenda, aberta en 1939, Piedad, na Pescadería Vella, 4, que fai a función de outlet das súas zapaterías.

Primeiro traballando detrás dun mostrador, hoxe en día continua na empresa familiar dando traballo a 20 mulleres e cun labor incansable, comprando e visitando as feiras nacionais e internacionais (Milán, París, Berlín, Londres...) para traer á súa pequena cidade e aos seus fieis clientes as mellores marcas e o último en moda de calzado.

MONTSE LIÑARES BELLO



Nada no ano 1964 na cidade da Coruña, foi a segunda de catro irmás.

Con tres anos, a súa familia trasládase a Santiago, onde vivirá o resto da súa vida.

Xa con 17 anos comeza o seu labor como ensinante de baile e música tradicional galega en varios colexios de Santiago, así como en diferentes grupos folclóricos do veciño concello de Padrón, traballo polo que o Concello desta vila lle concedeu o título de "filla de honra". Durante este período casa e é nai de dous fillos.

Mantén esta actividade durante máis de 25 anos, ao longo dos cales desenvolve un importante labor de investigación e divulgación da cultura tradicional galega, sobre todo no ámbito do traxe tradicional. Froito deste esforzo recibe varios premios, entre eles o Premio de Investigación Antón Fraguas no ano 2005 e no ano 2006 e máis de 25 galardóns en exaltacións do traxe galego, tanto en Santiago como en Vigo.

É durante este período, mentres se dedica á reprodución de traxes antigos, cando se dá conta de que é moi difícil atopar teas e complementos cos que poder elaboralos. É por iso que hai sete anos decídese a facer realidade o seu soño dende había moito tempo: nace así Bulideira. É aquí onde esta artesá do traxe tradicional galego (coa carta de artesá 3635) realiza o seu labor de confección de traxes tradicionais.

Nestes momentos está inmersa nun novo proxecto que se chama Arrorró, unha tenda *on line* de roupa infantil feita artesanalmente .

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2013